

## POSTA EN MARCHA DUNHA UNIDADE DE CONVERSIÓN

Desde as 10:00 horas desta mañá está a procederse á posta en marcha dunha das unidades de conversión do Complexo Industrial. Como consecuencia deste arranque, o facho ten un volume superior ao habitual.

O facho é un sistema seguridade necesario e obrigatorio nunha refinería. Os procedementos operativos requiren do envío controlado e puntual aos fachos de excedentes de elementos gaseosos propios do proceso para a súa combustión. Por esta razón, en determinados momentos os fachos precedidos de procesos como postas en marcha ou paradas de unidades poden ter unhas dimensións maiores das habituais.

Trátase dunha circunstancia normal que se realiza de forma totalmente controlada e segura. Non hai ningún tipo de perigo para a poboación ou as instalacións.